

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Otero Pedrayo, para o estudo e preservación da obra de Otero Pedrayo

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Fundación Otero Pedrayo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Otero Pedrayo para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da vida e obra deste insigne escritor galego. As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra literaria e a figura humana de Otero Pedrayo, así como para darlle continuidade ao labor realizado polo citado escritor nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.



As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Otero Pedrayo que ten entre outras finalidades, fomentar, soste e difundir o culto á memoria de Otero Pedrayo, así como promover o estudo, edición e divulgación da vida e obra deste ilustre representante da vida e literatura galegas da Galicia do seu tempo, a súa influencia posterior e principalmente co tempo presente. No ano 2001, a fundación creou o Centro de Estudos Oterianos (CEO) co que, entre outras actividades, pretende continuar o labor iniciado por Otero Pedrayo no estudo, reflexión e interpretación do territorio nos espazos rurais e urbanos de Galicia, na interpretación sobre a súa identidade histórica e no eido da creación literaria, de xeito que reciba estímulos para a súa prosecución axeitada.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

